



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE
GALEGO

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA DE FORMA TELEMÁTICA,
O DÍA 28 DE XUÑO 2023.

ASISTENTES

PRESIDENTA DA F.G.M.

Maestu Almeida, Josefina

SECRETARIO XERAL DA FGM

Fernández Saborido, Anxo Manuel

VOGAIS DA FGM

Alfonso Pita, María del Rocío

Aradas Mariñas, Javier

Carril Comesaña, Roberto

Castro Souto, Isidro

Gil Pazo, Xosé Francisco

Hornillos Baz, Isidoro

Lages Vidal, Helga

Louro Fuentes, Alfonso

Martínez Silveira, Clodomiro

Méndez López, Luísa

Sanz Ochoa, Katia

Trueba Gayol, Marta

Verea López De Guereño, Elvira

- **Apertura da reunión de Xunta Directiva**

A Presidenta, Josefina Maestu Almeida, dá comezo á reunión ás 20.05 h, dando a benvinda a todos/as os/as asistentes, especialmente aos novos integrantes da Xunta Directiva, Isidoro Hornillos, Luisa Méndez, Isidro Castro e Saba González.

1. Aprobación, se procede, da acta reunión da sesión anterior

A acta apróbase por unanimidade co único cambio de incluír a Carlos González, de Asesou no listado de asistentes, pois recóllese a súa participación, pero non aparecía no listado inicial.

2. Informe da presidenta

a. A Presidente pasa a comunicar os seguintes cesamentos coas datas indicadas.

- Fausto Manuel Blanco Álvarez, vogal de Escalada de Competición, a efectos do día 17-04-2023
- Carlos González Iglesias, vicepresidente de promoción e Deporte Escolar, a efectos do día 25-04-2023
- Miguel Bernárdez Martínez, vogal de comunicación e Transformación dixital, a efectos do 30-04-2023



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE
GALEGO

- Laura Lado Blanco, vogal de Sendeirismo, a efectos do día 22-05-2023

- b. Tamén comunica o nomeamento dos seguintes membros á Xunta Directiva da FGM:
 - Isidoro Horrnillos Baz, como vogal de Comunicación, Relacións Institucionais e Sendeirismo
 - Saba González Lorenzo, como vogal de Medio Ambiente
 - Isidro Castro Soto, como vogal de Refuxios
 - Luísa Méndez López, vogal de Alpinismo
 - Helga Lages Vidal, Promoción e Deporte Escolar

Tamén inidica que os cambios xa están comunicados á Secretaría Xeral de Deporte da Xunta.

- c. Ademais, comunica o cese como Membro da Comisión Delegada designado pola presidentade Miguel Bernárdez Martínez.

A continuación pasa a indicar que estamos á porta do Campionato de España de Escalada en Idade Escolar. Veñen 15 federacións, con 151 deportistas, sub14 e sub16. Seleccionadores/as, representantes, Galicia é a terceira vez que organiza o evento. Primeiro en Santiago, logo Lugo e agora Coruña, no Rocódromo de Riazor. A hospedaxe será na residencia Rialta, servizo de transporte, con xornadas super intensas, moi longas. Están Javier Aradas como responsable de seguridade, Hornillos como responsable de comunicación e a presidenta.

Comenta que xa temos nova xestoría, coa que xa se fixeron consultas relativas a patrocinios. A presidenta indica que existe colaboración no traslado das responsabilidades coa anterior xestoría. Que considera que o cambio está indo a ben. Que hai aínda cuestións a resolver e que queda un final de ano con bastante traballo.

Está pendente a realización das contas, que á presidenta lle gustaría ter a nivel mensual ou trimestral. Temos tamén o informe de sinistralidade e que a porcentaxe é boa, aínda existindo un accidente bastante grave, cun implicado co que estamos en constante contacto.

A presidenta indica que hai unha convocatoria de subvención da Xunta de Galicia, con bastante importe, que se volverá pedir, aínda que hai que ter conta das dificultades que implica, pola dificultosa xustificación que leva. Mañá haberá unha reunión para valorar se se pide, coñecendo como se pide, como é o procedemento... Hai que estudalo con calma.

3.- Adhesión proxecto comunidades montes

A presidenta comenta que chegou unha carta para apoiar o proxecto de “Valorización y gestión sostenible de los servicios ecosistémicos mancomunados de los montes periurbanos de Vigo” promovido por Mancomunidad de Montes de Vigo - Universidade de Vigo.

La Mancomunidad Montes de Vigo junto con la Universidad de Vigo presentarán a la “Convocatoria de subvenciones para apoyo a proyectos transformadores para la promoción de la bioeconomía ligada al ámbito forestal y la contribución a la transición ecológica en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia - Financiado por la Unión Europea – NextGenerationEU para el ejercicio 2023” de la Fundación Biodiversidade el proyecto “Valorización y gestión sostenible de los servicios



ecosistémicos mancomunados de los montes periurbanos de Vigo". El proyecto está encuadrado en la siguiente tipología: "Proyectos encaminados a desarrollar y diversificar los aprovechamientos y usos forestales, que incorporen el principio de la sostenibilidad, favoreciendo la biodiversidad y la provisión de servicios ecosistémicos, y que amplíen y generen nuevas oportunidades para el emprendimiento y el empleo verde, y articulen tejido productivo y economía social en el territorio.

Sobre este punto todos os votos son a favor, coas abstencións de Anxo abstención, Luis Clodomiro e Carlos Carril, polo que a FGM decide apoiar o proxecto coa indicación final de que se no futuro a FGM detecta que as accións que se desenvolven dentro do proxecto colisionan cos obxetivos da FGM deixaría de apoiarse.

4.- Cambios no calendario federativo 2023

Acórdase por unanimidade sacar do calendario a copa de Escalada en Idade escolar se setembro.

Debátase o calendario de actividades e número mínimo e máximo de participantes.

5.- Aprobación, se procede, dos criterios e requisitos para a asignación das actividades tradicionais 2023:

Actividade de Barrancos, Día do Sendeirista de Galicia, Marcha Galega de Vivac, Marcha Galega de Veteranos e Travesía Galega de Esquí de Montaña.

Abórdase este tema e trátanse os números mínimo e máximo de asistentes para cada actividade:

- Barrancos 12-15
- Día sendeirismo 50
- Vivac 25-50
- Travesía galega de Esquí de montaña. 12 mínimo e 25 persoas.

A presidenta indica que se ofertarán a todos os clubs e que a data máxima para respostar sería o día 10 de xullo, sempre que de tempo enviar a convocatoria, para intentar pechalo na seguinte xunta directiva.

Isidro comenta o proxecto Refuxiate, con diferentes actividades no lugar e nos refuxios.

6. Análise e resolución, do curso de Monitor/a de rocódromo, proposto pola EGAM.

A presidenta resume que hai unha convocatoria para este curso, que se estivo traballando.

Katia Sanz, da EGAM, explica que esta formación pretende que os clubs poidan contar con persoal con formación, neste caso formación federativa, non profesional, que poida axudar aos clubs e á propia FGM na divulgación e fomento da escalada de base. É unha formación para dinamizar a escalada de base. Debe amoldarse ao que se pretende, sen poder nin querer facer o que non se pode con esta titulación. A formación vai en relación ás necesidades dos clubs. En todo caso, Katia considera que deben existir uns mínimos coñecementos previos. Katia considera que as probas técnicas deben ser obrigatorias para todas as persoas, sexan DGAN ou non, pero deben ter coñecementos para transmitir os coñecementos técnicos. Indica que non é unha formación reglada, é unha formación federativa.

A presidenta indica que a convocatoria sairá en breve e pénsase que o exame será o 21 de xullo. Tamén se comentan algúns cambios do calendario da EGAM.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE
GALEGO

7.- Aprobación, se procede, dos criterios de asignación das sedes dos Campionatos de Galicia/ou Copas, Ligas impulsadas pola FGM durante a tempada 2024 e 8.- Aprobación, se procede, dos requisitos que debe cumprir calquera organizador que desexen incluir probas, competitivas ou non, no calendario de actividades da FGM 2024.

A presidenta dalle a palabra a Isidoro para que explique as liñas a seguir. Comenta que os criterios e condicións están recollidas no texto, enviado xunto a documentación para esta reunión, con uniformidade das disciplinas da FGM, sendo conscientes das singularidades propias de cada un, que será cuestión das vogalías.

O vogal de marcha nórdica tamén comenta que ás veces é difícil trasladar aos Concellos que as copas ou campionatos sexan denominados “Xunta de Galicia”, por diferencias políticas. Que poden existir problemas cos patrocinios. En todo caso, sempre se poden buscar tamén patrocinios privados.

A presidenta indica que hai que facer que todas as federacións empreguen a terminoloxía oficial que, de non facelo, poderíamos buscar un patrocinador privado, para que se denominen doutro xeito.

Coméntanse minimamente os requisitos a ter en conta, tema árbitros, publicidade, patrocinios.

A Presidenta indica en relación a este punto, e 8, que se abre un prazo para as vogalías, ata o día 11 de xullo, para tratar nunha vindeira reunión da XD.

Indica que estamos traballando na base para que todo vaia máis rodado de cara ao próximo ano, para evitar problemas de inscrición, problemas co cotexo de datos, ver se están federados, logo ver en que categoría están as persoas, categorízalas, ... Deberían inscribirse a través da nosa páxina web, para aforrar tempos.

José Gil tamén apunta que a FEDME ten un problema en relación á convocatoria do calendario de probas. Sempre é moi tarde, que debería facerse antes, para que logo as diferentes federacións organicen con tempo. Ademais, considera que hai que diferenciar necesariamente requisitos de probas de diferentes probas/deportes. Un documento con criterios xerais e outrocoas características propias de cada vogalía.

Pide crear unha ferramenta de traballo na que se poida traballar cos documentos en liña, onde se poden ver as diferentes modificacións.

Luis Clodomiro coincide coas achegas anteriores. Hai cuestións de difícil aplicación, pero xa están ocorrendo. Hai cuestións que igual non é preciso, pois leva anos manexando probas coa Xunta. Considera importante que os campionatos galegos sexan anteriores ao de España. Sobre a plataforma de inscrición, considera que igual sería bo sacar a licitación este tema, cunha empresa que se encargue de todo. Como fan outras federacións. Sexa Galitiming, ChampionChipou a que sexa.

Isidoro Hornillos comenta que un dos mellores patrimonios da FGM é unha base de datos. Un valor para a propia FGM e para pedir orzamentos, por exemplo. Defende que se fagan as inscricións a realizar as inscricións a través da plataforma da federación.

Coméntase que se poden ser factibles outras plataformas de inscrición, se cumpren os requisitos que son precisos. Comenta a presidenta que sería intención de cambiarse para Gerapli para setembro, pero está a dar moitos problemas. Xosé Gil comenta que existen diferentes alternativas e a Presidenta indica que se estudarán.

8.- Aprobación, se procede, do deseño da planificación da tempada 2024.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE
GALEGO

A Presidenta resume o documento remitido anteriormente. A idea é buscar persoas que queiran ir traballando nos documentos para que se vaia aprobando en XD. Hai moitas normativas que deben traballarse, como a normativa de licenzas. Tamén hai normativa de calendario, réxime disciplinario, árbitros, ...

Acórdase por asentimento.

En todo caso, a presidenta indica que os regulamentos de modalidades competitivas debe elaboralos o director técnico, co apoio e achegas dos vogais, pois é unha das súas funcións.

9.- Rogos e cuestións.

Neste puto, Javier Aradas comenta, respecto ao regulamento licenzas, que parece que hai problemas coas persoas que cambian de club e que manteñen a licenza. Que non está claro na normativa.

Indica que se vai cambiar a normativa de homologación de sendeiros. Indica que se fixo en xuntadirectiva de maio de 2018, pero o libro de actas da FGM non recolle esta acta da CD de 4 de maio. Javier indica que non existe esta acta. Que pasa cando non existe? Javier explica o que pasou, mostrando copia das actas deses días. Non aparece no libro de actas, non existe acta do día 4 de maio. Así as cousas, os regulamentos de sendeiros non están aprobados, e o que estaría en vigor sería o do 2014. O da EGAM sería o de 1996. Os outros dous estarían modificados a día de hoxe. Comenta que poderíamos asesorarnos máis sobre o tema, pero a día de hoxe non constan aprobados estes dous regulamentos, sobre sendeiros e sobre a EGAM.

Javier considera que deberíamos quitar da web os regulamentos non aprobados e pola importancia do punto acórdase tratar este punto nunha próxima reunión de XD.

Non hai comentarios neste punto.

Así, ás 23:20h, remata a reunión, coa Presidenta agradecendo a participación de todos os vogais da FGM e emprazándoos para a vindeira reunión, previsiblemente o 13 de xullo.

Josefina Maestu Almeida
A presidenta

Anxo Manuel Fernández Saborido
O Secretaria Xeral



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



DEPORTE
GALEGO